

## **COMISIÓN INFORMATIVA DE TERMALISMO, TURISMO E MEDIO AMBIENTE**

**ACTA** da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **18 de marzo de 2021**

Ás 17.49 horas do día 18 de marzo de 2021, reúnese a Comisión Informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente, a través do sistema de videoconferencia (no enlace: <https://call.lifesecloud.com/6339715>) coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

**Presidenta:** D.<sup>a</sup> Ana María Villarino Pardo

### **Deputados/as do Grupo Popular:**

D. César Manuel Fernández Gil

D.<sup>a</sup> Consuelo Vispo Seara

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D.<sup>a</sup> Ana Patricia Torres Madureira

### **Deputados/as do Grupo Socialista:**

D.<sup>a</sup> Susana Rodríguez Estévez

D. Álvaro Vila Araújo

D.<sup>a</sup> Margarita Pérez Fernández

**Deputados de Democracia Ourensana:** D. Armando Ojea Bouzo

**Deputado do BNG:** D. Bernardo Varela López

**Deputada non adscrita:** D.<sup>a</sup> Montserrat Lama Nóvoa

**Secretario:** D. Adamantino Barreiro García

**Interventora:** D.<sup>a</sup> Begoña Álvarez Matos

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

### **1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 18 DE MARZO DE 2021.-**

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 18 de marzo de 2021.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente do día 18 de marzo de 2021, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

## **2º.- MOCIÓN DE DEMOCRACIA OURENSANA RELATIVA Á LOITA CONTRA AS ESPECIES INVASORAS.**

**D. Armando Ojea Bouzo, portavoz de Democracia Ourensana**, indica que esta moción xa se presentou polo seu grupo político e tratouse xa no mandato anterior. Pero hai cuestións como esta que afectan a longo prazo. De momento e, por desgraza durante décadas, debemos tratar o tema das especies animais e vexetais que, debido á globalización, ocasionan interferencia nos ecosistemas. Na provincia de Ourense hai especies vexetais e animais invasoras que causan problemas, e non somos conscientes e deberíamos aplicar recursos públicos para tratar de resolvelos. Procede a continuación a dar conta detallada da moción presentada.

**D.<sup>a</sup> Montserrat Lama Nóvoa, deputada non adscrita**, sinala que está estudando esta moción. Comparte diversas cuestións que figuran nela. Non é un problema só provincial, senón nacional e mundial. Deberían unirse as distintas institucións afectadas. Fai unha reserva de voto ata o día do pleno. Buscará máis información.

**D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG**, indica que pola súa profesión, é un tema que lle preocupa e debería preocuparnos a todos. Pode ter moitas afeccións enfermidades, pragas, etcétera. Na parte das propostas da moción hai puntos nos que está totalmente de acordo, pero outros son competencia da Xunta de Galicia, que é quen ten os medios. Por exemplo, a Consellería de Medio Ambiente ten máis medios e persoal. Analiza os puntos do acordo. Nalgún caso é un problema de concienciación. Sinala que algúns apartados son competencia doutros organismos. Pon un exemplo de como unha rozadoira pode axudar a contaminar se non se toman medidas. Está de acordo no fondo pero habería que aclarar algúns dos puntos. Anuncia que se absterá.

**D.<sup>a</sup> Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista,** sinala que o seu grupo está de acordo co fondo da moción. Considera que as especies invasoras son un gran problema nos concellos, por exemplo as avespas *velutinas*. Engade que están de acordo coas axudas económicas para protexernos destas especies que nos invaden, pero quere que se concreten as axudas, e quere saber o criterio de adjudicación das cantidades que se destinarían a cada concello. Están de acordo pero van estudar os distintos puntos da moción. Fai unha reserva de voto.

**A presidenta da comisión** sinala que o grupo popular coincide coas intervencións. Están de acordo con moitos dos aspectos da moción. Van estudar máis en concreto os puntos que se propoñen por Democracia Ourensana. Fan reserva de voto para o Pleno.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable de Democracia Ourensana (1) e a abstención do Grupo Popular (5), do Grupo Socialista (3), do BNG (1) e da deputada non adscrita, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

Aprobar unha axuda económica aos concellos destinada a:

- 1.- Análise da presenza de especies invasoras no seu territorio.
- 2.- Campaña de sensibilización pública (que podería ser asumida por cada concello, adaptándose ás súas circunstancias concretas, ou coordinada pola mesma Deputación para casos xerais) para minimizar os efectos que a xardinería, a afección a mascotas, á acuarioloxía, etcétera, puidera ter en relación co problema.
- 3.- Asesoramento técnico sobre posibles medidas de erradicación en cada caso concreto.
- 4.- Medios (mecánicos, biolóxicos, químicos ...) para a erradicación de especies invasoras en espazos públicos.
- 5.- Subvencións destinadas á erradicación en parcelas privadas por medios axeitados.
- 6.- Medidas de análise de riscos e de detección precoz de posibles especies que poidan supoñer un problema no futuro.

7.- Cambio no xeito de traballo de calquera labor público de creación ou mantemento de infraestruturas que poida favorecer a expansión desas especies.

En todos os puntos, desde logo contando en todo momento co asesoramento de biólogos, axentes forestais, técnicos de medioambiente, comunicadores, etcétera, necesario para o labor.

### **3º.- MOCIÓN DO BNG SOBRE A EXPANSIÓN DESCONTROLADA DE PARQUES EÓLICOS.**

**D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG**, procede a continuación a dar conta detallada da moción presentada. Indica que a moción é un pouco extensa. Sinala que hai 10.000 MW na nosa comunidade autónoma. Destaca os problemas dos parques de Barxas, Prada en Valdeorras, o macizo central, na que está prevista a declaración de rede natura, e son macroparques con máis de 120 MW. É a primeira vez que non se tramitan a través da Xunta de Galicia, senón a través do Estado, por riba do plan eólico galego, que vén dos anos 90. Houbo movementos lexislativos que non teñen sentido, redúcese de 30 a 15 días o prazo de exposición. Son proxectos que levan anos de tramitación, e a finalidade é para minorar a capacidade de interacción social. A propia xunta de Galicia pon por riba dos intereses estranxeiros, xa que moitos son fondos públicos estatais de Noruega, e se poñen por enriba dos intereses dos comuneiros priorizando a expropiación e con pouca capacidade de negociación aos comuneiros. Hai parques que conseguen os terreos por menos do 1% do rendemento económico do parque. Iso non se entendería se ocorreran en Noruega ou en Texas co petróleo. Hai cousas que non se deben permitir. Engade que non están en contra dos parques eólicos, é unha enerxía limpa que debe existir, pero que non a exploten terceiros que levan os rendementos e que nos deixan os impactos medioambientais. Temos que ter un equilibrio e respecto ao medioambiente. Dá lectura a continuación aos acordos propostos na moción. Destaca que no anterior pleno aprobamos un manifesto sobre a enerxía hidráulica, pero non debemos permitir que dentro de corenta anos fagamos un manifesto eólico.

**D.ª Montserrat Lama Nóvoa, deputada non adscrita**, indica que xa lle manifestou ao seu compañeiro Bernardo, que é unha moción moi traballada e estudada, con moita información. Está contrastando toda esta información. Poderemos estar de acordo nalgúns puntos. Recoñece o labor tan documentado desta moción. Ten moitos datos. Fai unha reserva de voto.

**D. Armando Ojea Bouzo, portavoz de Democracia Ourenzana,** sinala que é unha cuestión importante a longo prazo. Hai corenta anos, parecía algo visionario, aínda que a enerxía eólica se vén aproveitando polo ser humano dende hai moito tempo. Pero cando se pon en práctica a gran escala aparecen problemas estéticos, de ruído e de ruído inaudible por debaixo do nivel audible con efectos fisiolóxicos e tamén problemas ambientais. É unha cuestión complexa. A moción precisa de moita análise. A enerxía se produce aquí na nosa provincia e se exporta onde non hai efectos negativos da súa produción. Precisa estudo. A enerxía fai falta pero tamén é importante a calidade de vida. Reservaremos o voto para seguir analizando o tema. Agradece que o BNG traia esta moción. Reserva o voto.

**D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista,** sinala que é un tema de plena actualidade. Está de acordo en varios puntos, pero hai cuestións que se deben matizar. Falaba Bernardo dos movementos lexislativos precipitados, pero os movementos lexislativos non son inocentes. A enerxía eólica é unha enerxía limpa, pero ten rendibilidade económica. Temos que conciliar a enerxía limpa cos intereses económicos e co impacto paisaxístico e medioambiental. É unha cuestión de máxima actualidade. Fai a reserva de voto, e a debaterá con gusto no próximo Pleno.

**A presidenta da comisión** sinala que por parte do Grupo Popular coincide igual que o resto de compañeiros, xa que é unha moción con moitísimo contido, extensa con moitos puntos que hai que analizar e que son de máxima actualidade. Fan reserva de voto para o Pleno.

**D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG,** agradece a reflexión de todos e todas, e engade que se hai algo que achegar lle gustaría que o achegaran, e gustaríalle que catro ou cinco puntos claros os sacáramos adiante para que as macroempresas que veñen aquí con un sistema neocolonial, teñan claro que non nos imos deixar pisar e que hai intereses comúns que entre todos e todas imos defender.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do BNG e a abstención do Grupo Popular (5), do Grupo Socialista (3), de DO (1) e da deputada non adscrita, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1. Instar á Xunta de Galiza a desistir de impulsar cambios lexislativos no sector eólico camuflados noutros proxectos de lei e impulsar un novo consenso para substituír a vixente lei de aproveitamento eólico e planificar o desenvolvemento da enerxía eólica da próxima década

harmonizando os obxectivos e intereses económicos, enerxéticos, sociais e medioambientais, garantindo a transparencia, a avaliación ambiental por parte das administracións públicas e a limitación dos procesos expropiatorios ao mínimo. Para iso, aprobarase un novo Plan Sectorial Eólico cunha ampla participación dos axentes implicados e que preceptivamente inclúa un informe do Consello Económico e Social e un amplo proceso de exposición pública de cara a reunir o meirande consenso posíbel.

2. Respecto o punto anterior, no caso da Serra do Suído, petición á Xunta de Galiza da suspensión cautelar de todos os parques eólicos en proxecto ou en tramitación, co obxecto de evitar os graves impactos negativos na contorna e o risco de destrución irreversible de hábitats de interese prioritario da serra do Suído e do Alto Tea.

a. A apertura dun proceso de información e de participación que permita coñecer os proxectos de industrialización do monte que se están a tramitar e o seu impacto ambiental, social e urbanístico.

b. A declaración da serra do Suído como Lugar de Interese Comunitario (LIC) e integración na Rede Natura 2000, co obxecto de protexer e conservar especies e hábitats de interese comunitario e de interese prioritario, con especial atención a humedais e turbeiras.

c. Ampliación da Rede Natura 2000 Río Tea coa inclusión do Alto Tea (Val de Tielas)

d. A declaración como Reservas naturais fluviais das nacentes e das bacías dos ríos Avia, Tea, Oitavén e Verdugo, coa finalidade de garantir as súas funcións de preservación da biodiversidade, de conectores ecolóxicos entre zonas xeográficas e de subministradores de auga potábel.

e. O inventario e catalogación de todo o patrimonio material e inmaterial do Suído, Alto Tea, Faro de Avión, Costas do Alén e A Paradanta, e desenvolvemento dun plan para a súa protección, conservación e divulgación.

3. Instar á Xunta de Galiza a reforzar o persoal e o papel da administración galega, nomeadamente ao abeiro do INEGA, de cara a promover unha oficina específica para o asesoramento técnico e administrativo necesario e atender as demandas de información pública que puideren existir así como a creación dun rexistro de información pública de contratos con información sobre os prezos pactados nos distintos parques.

4. Instar á Xunta de Galiza a vincular a estratexia eólica ao desenvolvemento económico de Galiza impulsando:

a. A participación pública da Xunta de Galiza, dos concellos galegos e das e dos propietarios das terras dos beneficios do sector de forma que se garanta un meirande control e ao tempo unha fórmula de financiamento de proxectos de desenvolvemento rural e industrial.

b. Un modelo de contrato tipo para particulares e comunidades de montes conforme propón o Observatorio Eólico Galego.

c. Plans de Desenvolvemento Industrial e Restauración Ambiental nas comarcas onde se localicen os novos parques.

d. Fomento de iniciativas como as comunidades enerxéticas, os parques enerxéticos comunitarios e o autoconsumo enerxético.

e. Programas de investigación e xeración de valor engadido en colaboración co tecido universitario e centros tecnolóxicos galego.

5. Instar á Xunta de Galiza a corrixir as deficiencias do canon eólico e do Fondo de Compensación ambiental, nomeadamente:

a. O canon eólico deberá calcularse en función da potencia instalada, non do número de aeroxeradores

b. Modificar o Fondo de Compensación Ambiental para garantir a transparencia e obxectividade da totalidade do recadado e que unha maior parte da recadación retorne aos concellos onde están instalados os parques en forma de investimentos en infraestruturas, servizos e proxectos ambientais.

6. Instar á Xunta de Galiza a incrementar a vixilancia sobre as garantías medioambientais desenvolvendo figuras de ordenación e protección do territorio, salvagardando espazos de alto interese ambiental: ampliación da Rede Natura (reinicio da ampliación da Rede Natura e paralización de proxectos que afecten tanto á ampliación proposta en 2008 como a iniciada en 2012), Estratexia de Infraestrutura Verde, Áreas de Interese Paisaxístico.

7. Instar ao goberno do Estado a corrección da Orde TED/1161/2020, do 4 de decembro, pola que se regula o primeiro mecanismo de poxa para o outorgamento do réxime económico de enerxías renovábeis e se establece o calendario indicativo para o período 2020-2025 de cara a incorporar criterios que non sexan exclusivamente económicos, senón tamén sociais e medioambientais, e incorporar, nesta ou nunha orde específica a acordar nas correspondentes Mesas de Transición, poxas específicas de renovábeis nas zonas afectadas polo peche de centrais térmicas (posibilidade que contempla o marco legal para unha transición xusta ao abeiro do Marco Estratéxico de Enerxía e Clima).

8. Instar ao goberno provincial a desenvolver cantas actuacións sexan precisas para a paralización de proxectos contrarios aos interese ambientais, económicos e sociais de Ourense e a desenvolver cantas actuacións sexan necesarias para favorecer a transparencia, a información e a capacidade de negociación das persoas propietarias e Comunidade de Montes. E entre outras actuacións:

a. Fomentar a figura dos parques eólicos comunitarios, que poidan ser promovidos por comunidades de montes, cooperativas, propietarios e pequenas empresas do rural. A administración deberá reservar unha parte dos novos megawatios para este tipo de parques.

b. Fomentar a figura dos parques eólicos municipais (nestes momentos hai 13 parques deste tipo, e hai outros 14 pendentes de execución). Teñen un máximo de 3 MW de potencia e xeran unha media de 36.000 euros por MW/ano. Deberíase incrementar o tope do máximo de 3MW.

c. Promover a obriga legal para que propietari@s de terras próximas a un parque eólico teñan posibilidade de participar no capital das compañías, establecendo unha reserva de cota do 20% (asimilable o aprobado en Dinamarca en 2016).

d. Promover a modificación da normativa eólica no referente aos procesos expropiatorios, garantindo que a expropiación sexa unha opción extraordinaria e non un mecanismo ordinario.

e. Promover a mudanza na concepción do Fondo de Compensación Ambiental, para que unha maior parte da recadación retorne aos concellos onde están instalados os parques en forma de investimentos en infraestruturas, servizos e proxectos ambientais.

**4º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.-** Non se presentan.

**5º.- ROGOS E PREGUNTAS.-** Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

**A presidenta da comisión,** aclara preguntas da comisión do mes anterior. Sobre a pregunta de MEISA, realizada por D. Bernardo Varela López, indica que contactaron co seu consello de administración e dixeron que nola facilitarían canto antes. Están á espera de recibila, e cando a teñan lla farán chegar. Engade que D.<sup>a</sup> Margarita Pérez Fernández preguntou sobre a constitución do observatorio tecnolóxico de turismo. Informa que o Consello do Colexio Profesional de Enxeñeiros Informáticos se reunirá no primeiro cuadrimestre do ano e un dos primeiros puntos que van levar é a constitución deste observatorio tecnolóxico de turismo. Está á espera de que se realice a asemblea e dará traslado do que aconteza. Sobre a pregunta realizada por D.<sup>a</sup> Susana Rodríguez sobre o videoclip “terra de nadie”, di que lle indican que

foi contestada a Aurentino o 23 de febreiro e se dará traslado dun informe do asesor de cultura. Está a súa disposición na área de transparencia.

**D.<sup>a</sup> Margarita Pérez Fernández** pregunta se está previsto abrir o prazo de solicitudes para o termalismo social e, se este ano ten previsto a Deputación ofertar novamente o programa de termalismo solidario para o persoal sanitario e forzas e corpos de seguridade.

**A presidenta da comisión** responde que o programa de termalismo social está esperando a que os balnearios empecen a funcionar, e as condicións empecen a ser mellores e poida haber os tratamentos. É un programa que funcionou moi ben dende o seu inicio e, en canto se poida, renovarase. Respecto ao termalismo solidario, irase vendo segundo a evolución da pandemia nas próximas semanas ou meses, e o que nos permitan as autoridades sanitarias.

**D.<sup>a</sup> Margarita Pérez Fernández** pregunta se levará a cabo o programa solidario.

**A presidenta da comisión** responde que o de termalismo social si. O de termalismo solidario estase vendo, segundo se poida.

E, ás 18.30 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.